



## **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**



**IES PLURILINGÜE EUSEBIO DA GUARDA**

# ÍNDICE.

	Páxs.
I.- Introducción	3
II.- O Centro: O Medio e a Contorna	4
III.- Intencionalidades, Fins e Obxectivos Educativos.	9
IV.- Itinerarios Educativos, Optativas, Actividades, Matrículas de honra e Servizos	12
V.- Adecuación ao contexto do Instituto dos Obxectivos Xerais da Etapa.	21
VI.- Formas de Colaboración e participación entre os distintos sectores da Comunidade Educativa.	21
VII.- Formas de Colaboración e Intercambio Cultural con outras Institucións.	23
VIII.- Normas de Organización e funcionamento. NOFC.	
IX.- Proxecto Lingüístico de Centro.	
X.- Plan de Convivencia.	
XI.- Plan Lector.	
XII.- Procedemento de modificación do Proxecto Educativo e dos documentos que del dependen.	

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO IES PLURILINGÜE EUSEBIO DA GUARDA



## I.- INTRODUCCIÓN

A Reforma do ensino, concretada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006), establece tres principios fundamentais que a presiden. O primeiro consiste na esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis do sistema educativo. O segundo principio consiste na necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir ese obxectivo tan ambicioso. E o terceiro que inspira esta lei consiste nun compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea para os próximos anos.

No seu Capítulo II, “Autonomía dos Centros”, Artigo 120, punto 2, a LOE establece que “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro”.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No seu Capítulo II, “Autonomía dos Centros”, Artigo 120, punto 2, a LOMCE mantén que “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.”.

Esta capacidade de decisión debe articularse por medio dunha serie de documentos estruturados a partir dun marco xeral de referencia elaborado desde a propia dinámica do Centro e para toda a Comunidade Educativa integrando os fins do sistema. O marco xeral (PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO) debe definir as características singulares do Centro, os obxectivos xerais e específicos do mesmo e cuestións relacionadas coa organización curricular e metodolóxica: Decreto 324/1996 do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES (DOG do 9 de agosto) e Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG 2 de setembro de 1997), nas que se especifica que os Centros disporán de autonomía para defini-lo proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento (Artigo 88 ROC).



### II.1.3. EDIFICIOS DE QUE CONSTA

O Instituto consta de dous edificios:

O chamado “antigo”, cuxa fachada principal dá á Praza de Pontevedra, é onde actualmente están situadas as aulas de Bacharelato, dúas aulas de ESO, Ciclos Formativos, ESA, aulas de desdobre, laboratorios de Bioloxía e Xeoloxía, Departamentos didácticos, Salón de Actos, Aula Picasso (Salón de Usos Múltiples, Aula de Música, Aula-Departamento de Francés, Sala de Profesores), Biblioteca, Secretaría, despachos de Dirección, Xefatura de Estudos de Diúrno e Adultos, Aulas de Informática, Departamento de Ciclos Formativos, Conserxaría da entrada e do primeiro andar, Arquivo, Sala de titores, un aula de desdobre (apoio), despacho de Orientación e servizos. Tamén conta cun elevador.

A parte “nova”, onde están o resto das aulas da ESO, aula de desdobre (apoio), os laboratorios de Física e de Química, Vicedirección, a aula de Tecnoloxía, o Ximnasio, unha aula multidisciplinar, as caldeiras da calefacción, depósito de gasóleo, duchas e servizos.

### II.1.4.- CARACTERÍSTICAS DAS DEPENDENCIAS

#### a) Aulas/laboratorios

A forte demanda de que é obxecto o noso Centro obriga a que as aulas teñan unha importante cantidade de alumnas e alumnos. A súa orientación é moi variada e a súa luminosidade tamén.

No edificio sitúanse as aulas de Música, Debuxo, de Audiovisuais, tres de Informática e un Departamento-Aula de Francés, tamén o laboratorio de Bioloxía. No pavillón novo sitúanse a aula de Tecnoloxía e os laboratorios de Física e Química. Os laboratorios de Bioloxía e Química modernizáronse recentemente.

A Aula Picasso, na planta baixa do edificio antigo, serve tanto de aula ou espazo de lecer durante o recreo como de salón de actos ou escenario para concertos e representacións teatrais, así como para a celebración das festas de Nadal e Entroido.

O centro conta cun Ximnasio, unha aula multidisciplinar para o seu uso polo departamento de Educación física (conta cun mural do catedrático de debuxo José Luis Martínez, ex profesor do Centro, que precisa unha restauración) e unha pista polideportiva que precisan unha importante reforma xa que non están á altura das necesidades actuais do alumnado.

Bótase de menos un espazo exterior no que o alumnado da ESO poidan estar durante os recreos, xa que todos non caben na pista polideportiva (hai dúas quendas: no das 10:10 o primeiro ciclo da ESO vai ao exterior e no das 12:10 vai o segundo ciclo) .

Hai un gran escaseza de aulas para desdobramentos necesarios para ofrecer a mellor e máis variada oferta educativa.

b) Sala de profesores

Existe unha sala de profesores no primeiro andar do edificio antigo cun fermoso mural de Felipe Criado. É punto de reunión dos docentes durante os períodos de lecer e o lugar onde se realizan os claustros.

c) Salón de Actos

O Centro posúe un Salón de Actos de carácter nobre, adornado con molduras de estuco e uns frescos no teito dos artistas Román Navarro (frescos) e León Bianchi (decoración). Necesita unha reforma urxente, pois o deterioro deste salón, único, podería ser irreversible.

Nel celébranse calquera actividade destacada do Centro.

d) Departamentos, despachos, Sala de Titores con recibidor e Departamento de Orientación.

Algúns dos departamentos, por necesidades do Centro, funcionan tamén como aulas de desdoblamento.

e) Corredores

O principal problema deriva da existencia dun único e estreito corredor que comunica o pavillóns, o novo e o vello, porque é de paso obrigado e moi transitado.

f) Patios

Non existen patios de lecer nin lugares alternativos. O alumnado de bacharelato sae do Centro en horas de lecer.

Na ESO hai dúas quendas de recreo: no das 10:10 o primeiro ciclo da ESO aproveita a pista e a aula multidisciplinar nos días de choiva e o segundo ciclo utilizan a Aula Picasso, os corredores e os pequenos patios da planta baixa do edificio antigo; e no das 12:10 permútanse as zonas.

g) Cafetería

Non existe.

h) Servizos

En calquera dos dous edificios, salvo algúns arranxados en momentos puntuais, necesitan unha mellora.

i) Portas

O edificio ten tres portas de acceso, a principal, cara á Praza de Pontevedra, e dúas á Rúa Modesta Goicouría (as da rotonda, antipánico) así como unha saída de emerxencia máis ao final do corredor do segundo andar que leva a outra (ambas antipánico) que desemboca a unhas escaleiras cara ao patio. O control delas faise a través do persoal subalterno e alarmas de movemento.

## II.1.5.- DOTACIÓN DE MOBILIARIO E MATERIAL DIDÁCTICO

a) Mobiliario

b)

Nos últimos cursos vanse renovando e actualizando.

c) Calefacción:

A caldeira antiga é insuficiente para quentar os pisos máis afastados da súa situación e zonas onde as instalacións de calefacción son escasas, polo que sería conveniente modernizar o sistema, en xeral.

d) Material didáctico:

O Instituto conta con material didáctico que se vai actualizando segundo as necesidades dos Departamentos didácticos.

e) Material de laboratorio:

Os equipos están moi actualizados e as instalacións modernizadas recentemente.

f) Biblioteca:

O número de volumes cos que conta a Biblioteca é de aproximadamente 11.000. Existe un servizo de préstamo de libros. Hai tamén unha videoteca que dispón dunha ampla variedade de títulos e unha interesante “comicoteca”.

O centro non conta cunha persoa que atenda á Biblioteca en exclusividade. Cando o permiten as necesidades do Centro, profesorado do claustro dedica as súas horas de garda á súa xerencia, ao seu mantemento e ao desenvolvemento do Plan Lector.

No horario lectivo, a Biblioteca está aberta segundo a dispoñibilidade do profesorado.

É importante o avance do proceso de informatización da xestión da Biblioteca nestes últimos anos debido ao excelente traballo do equipo da mesma coordinados polos profesores de Lingua Castelá e Relixión Mercedes Rey Alonso e Antonio Fondo Rodríguez. O Centro participa no PLAMBE. Pretendemos seguir na mesma liña de traballo.

g) Material informático:

O Centro dispón de equipos informáticos con conexión en rede en oficinas, despachos, departamentos, sala de titores, sala de profesores, aulas de informática e biblioteca.

h) Material audiovisual:

O Centro está dotado con Kits dixitais: ordenadores portátiles, proxectores e pantallas dixitais en todas as aulas e departamentos didácticos (as pantallas nestes non son dixitais)...

## II.2- ELEMENTOS PERSOAIS

### II.2.1- O PROFESORADO

O número de profesores/as do Centro oscila entre 92-93, coas lóxicas variacións en cada comezo do curso.

Analizando os datos estatísticos, pódese observar unha idade media do profesorado superior aos 40 anos.

No Centro existe unha Directora, e un equipo directivo formado por Vicedirectora, Xefa de Estudos de diúrno, Xefa de Estudos de Adultos e Secretaria. Como órganos colexiados conta co Consello Escolar e o Claustro, á parte das Xuntas de Avaliación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Xuntas de Delegados, etc.

Academicamente os profesores/as agrúpanse nos seus respectivos Departamentos presididos polo/a Xefe/a de Departamento.

### II.2.2.- O ALUMNADO

O Centro conta con 1000-1100 alumnos/as, aproximadamente, entre diúrno (uns 800) e adultos (uns 300), distribuídos entre ESO (16-18 unidades, catro por nivel e, dependendo dos cursos, grupos de Diversificación curricular), ESA (4 unidades), Bacharelato (12 unidades en diúrno e 6 en adultos) e dous Ciclos de grao superior (2 unidades de 1º e 2 unidades de 2º, de Axencias e Guías respectivamente).

O número de alumnado repetidor non é moi elevado no diúrno. En adultos hai algúns máis. Moitos deles posúen materias pendentes, factor que repercute negativamente no seu traballo e rendemento académicos.

Case todos cursan como primeira lingua estranxeira o inglés, aínda que hai algúns de francés.

O alumnado do Instituto procede por regra xeral dunhas familias cun nivel sociocultural medio ou medio-alto.

Existe, como indica a lexislación vixente, unha Xunta de Delegados debidamente constituída.



### II.2.3- O PERSOAL NON DOCENTE

O Centro conta con 3 administrativas, 4 subalternos e 6 limpadoras. Polas dificultades de vixilancia do instituto necesitaríamos un conserxe máis e, polas características do edificio, un conserxe de mantemento das instalacións.

### II.2.4- PAIS/ NAIS DE ALUMNOS/ ALUMNAS

Existe unha ANPA que vén funcionando desde hai xa varios anos. Conta cunha filiación non moi numerosa. A súa colaboración co Centro é total e moi positiva.

## **III.- INTENCIONALIDADES, FINS E OBXECTIVOS EDUCATIVOS.**

### III. 1.- ÁMBITO INSTITUCIONAL

#### III. 1.1.- INTENCIONALIDADES

Entendemos que a finalidade primordial da educación debe estar orientada a lograr o desenvolvemento da personalidade do alumnado e a súa preparación para afrontar a vida futura. Por isto será necesario potenciar o traballo no ámbito cognitivo, o respecto aos dereitos e liberdades básicas recoñecidas pola Constitución -tolerancia e liberdade en democracia- e a adquisición por parte do alumnado dos hábitos intelectuais e técnicas de traballo que os capaciten para o desempeño da súa futura actividade profesional.

A avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe, do propio Centro e dos elementos do sistema, será o mecanismo habitual que permita a recondución dos obxectivos propostos.

A preparación que leven do Centro debe tratarse que sexa o máis completa posible. Ten de ser unha marca de identidade e unha porta aberta a posteriores obxectivos na vida académica e laboral.

#### III. 1. 2.- OBXECTIVOS

- a) Diseñar e pór en práctica modelos de avaliación educativa que ademais de actitudes contemplan a cualificación de coñecementos.
- b) Mellorar a coordinación docente con horarios que faciliten as reunións.
- c) Definir criterios de calidade docente para facilitar a autoavaliación do profesorado e mellorar así a calidade do ensino.
- d) Transmitir unha imaxe positiva do Instituto cara á sociedade.
- e) Manter relación co resto das Institucións para beneficiar así ao noso alumnado.

f) Requirir os medios materiais e humanos á Administración para unha correcta consecución dos obxectivos curriculares.

### III. 2.- ÁMBITO DOS VALORES

#### III. 2. 1.- INTENCIONALIDADES

A formación básica deberá estar orientada a lograr e potenciar unha convivencia en paz, cooperativa e solidaria. Para iso será fundamental orientar a educación no marco da participación, a cooperación, a solidariedade e a responsabilidade xunto coa potenciación do sentido crítico e creativo, o rexeitamento de calquera tipo de discriminación e o respecto á diversidade e ao medio ambiente. Prestarase especial atención á defensa, a través da educación, da igualdade de dereitos entre mulleres e homes como unha necesidade esencial nunha sociedade democrática en cumprimento do disposto na Lei galega 7/2004, de 16 de xullo (DOG n.º 149 do 3/08/2004), para a igualdade de mulleres e homes.

A cooperación de pais, profesorado e orientador educativo terá como finalidade básica a formación personalizada e integral do alumnado.

#### III. 2. 2.- OBXECTIVOS

- a) Facilitar a libre expresión do alumnado, sempre con respecto aos demais.
- b) Organizar a práctica docente de modo que estimule a diversidade no pensamento.
- c) Potenciar a acción tutorial como medio de favorecer no alumnado actitudes de participación e responsabilidade.
- d) Definir explicitamente nas actividades curriculares e extracurriculares os valores de respecto á diversidade e ao medio ambiente.
- e) Informar á Comunidade Educativa de tódolos temas que lle sexan de interese.
- f) Reforzar os hábitos de saúde.

### III. 3.- ÁMBITO DO ENSINO-APRENDIZAXE

#### III. 3. 1.- INTENCIONALIDADES

Como Centro que imparte ensinanzas de Bacharelato, debemos proporcionar ao alumnado unha preparación especializada para a súa incorporación aos estudos posteriores e á vida laboral. Polo tanto, o alumnado debe desenvolver capacidades básicas e necesarias en relación co dominio lingüístico en galego e castelán, corrección nas linguas estranxeiras elixidas, capacidade de análise e crítica, comprensión dos elementos fundamentais da investigación e do método científico, dominio dos coñecementos científicos e das habilidades básicas da modalidade elixida,

coñecemento do medio social, natural, cultural e político en que se moven e usalo como instrumento de formación.

### III. 3. 2.- OBXECTIVOS XERAIS

- a) Promover, como Comunidade Educativa, a mellora no nivel de formación dos docentes nos campos científico, disciplinar e didáctico.
- b) Diseñar e utilizar estratexias que faciliten a aprendizaxe do alumnado.
- c) Elaborar proxectos curriculares que faciliten a relación do alumnado coa realidade á que pertence, en que a teoría e a práctica estean relacionadas.
- d) Diseñar proxectos curriculares que teñan en conta as dispoñibilidades materiais do Centro.
- e) Fomentar, a través da docencia e da avaliación, o traballo e o estudo diarios.
- f) Aplicar unha metodoloxía que fomente a participación do alumnado.
- g) Promover e esixir unha correcta expresión oral e escrita.
- h) Diseñar actividades interdisciplinares.
- i) Ser capaces de artellar criterios efectivos á hora de agrupar ao alumnado dentro da aula.

### III. 3.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NO ÁMBITO LINGÜÍSTICO.

Este Centro educativo, no exercicio da súa autonomía pedagóxica e dentro do marco lexislativo da Administración Educativa, deberá adecuar e concretar os obxectivos xerais ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado que se reflectirán de forma pormenorizada no Proxecto lingüístico, anexo a este PEC.

Os centros de ensino son un sector fundamental para a implantación dos hábitos lingüísticos co obxectivo de reforzar a dimensión comunicativa da lingua que se debe normalizar, polo que, dentro do marco lexislativo da Comunidade Autónoma, da administración educativa e no exercicio da autonomía pedagóxica outorgada ao centro, deseñará no Plan lingüístico do centro os seguintes apartados:

- As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento.
- As medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo co fin de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización, e na LOMCE no que afecta ao fomento do plurilingüismo.
- Medidas adoptadas para acadar as competencias básicas en todo o alumnado.

- Medidas para fomentar o uso da lingua galega tendo en conta os obxectivos de normalización lingüística no corpus legal da Comunidade Autónoma.

Segundo dispón o Decreto 133/2007 propiciárase unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro para asegurar a transferencia de saberes entre elas e acadar os obxectivos da normalización lingüística.

Respectaranse os principios a partir do que se elabora o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que son os seguintes:

1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

#### **IV.- ITINERARIOS EDUCATIVOS, OPTATIVAS, ACTIVIDADES E SERVIZOS**

##### **IV.1- OPTATIVIDADE**

Tendo en conta que os centros docentes dispoñemos de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas NOF, despois das decisións adoptadas na CCP e validadas no claustro, así como tendo en conta as solicitudes do alumnado no proceso de admisión (permanencias e matrícula), máis alá das materias ordinarias (troncais, de opción ou modalidade, e optativas, específicas ou libre configuración) as materias e itinerarios do presente curso son os seguintes:

##### ***PRIMEIRO CURSO(LOMLOE)***

Proxecto competencial/Relixión católica

Horas de libre disposición do centro: matemáticas (+1 sesión) e lingua galega e literatura (+1 sesión).

##### ***SEGUNDO CURSO(LOMCE)***

Neste curso das materias de libre configuración do centro deben optar entre Educación Financeira e Investigación e tratamento da Información.

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes

-Relixión ou Valores Éticos.

-Segunda lingua estranxeira: Inglés ou Francés.

*TERCEIRO CURSO (LOMLOE).*

Escoller entre:

Proxecto competencial/Relixión católica

Materias optativas (elixir unha)

Segunda lingua estranxeira.

Cultura Clásica

Educación Dixital

Oratoria

*CUARTO CURSO (LOMCE).*

O alumnado optará entre as ensinanzas académicas:

Vía A: BX e FQ, elixindo, a maiores, entre TECNOLOXÍA e ECONOMÍA.

Vía B: LAT e ECO con CULTURA CLÁSICA (sempre que non a cursara en 3º) ou FILOSOFÍA.

E as ensinanzas aplicadas

Vía C: CIENCIAS APLICADAS, Iniciativa Actividades Emprendedoras e TECNOLOXÍA.

Escollerán unha materia entre:

-Segunda lingua estranxeira: Inglés ou Francés.

-EPV.

-TIC.

-Música.

-Cultura Científica.

E outra entre:

-Relixión ou Valores Éticos.

**PRIMEIRO DE BACHARELATO**

Dentro de cada modalidade é necesario distinguir os seguintes itinerarios.

A) Modalidade de Ciencias:

- BX e FQ

- DT I e FQ

- FQ e TEC

B) Modalidade de Humanidades:

- Grego I e HMC

- Grego I e Literatura Universal

- HMC e Literatura Universal

C) Modalidades de Ciencias Sociais:

- Economía e HMC

- Economía e Literatura Universal

- Economía e Latín I

Como optativa deberá escoller unha materia entre:

- 2ª Lingua Estranxeira
- Anatomía Aplicada
- Antropoloxía
- Cultura Científica
- Debuxo Artístico I
- Economía
- Linguaxe e Práctica Musical
- Literatura Galega do S.XX e da Actualidade.
- TIC I

So en Ciencias (sen repetir as materias de modalidade):

- Bioloxía, Xeoloxía e CM
- Debuxo Técnico I
- Tecnoloxía e Enxeñería I

So en Humanidades e CCSS (sen repetir as materias de modalidade):

- Historia do Mundo Contemporáneo.
- Literatura Universal

## SEGUNDO DE BACHARELATO

Dentro de cada modalidade é necesario distinguir os seguintes itinerarios.

A) Modalidade de Ciencias:

- BIO e QUI
- DT I e FIS
- FIS e QUI

B) Modalidade de Humanidades:

- Grego II e Historia da Arte
- Historia da Arte e Xeografía

C) Modalidades de Ciencias Sociais:

- Economía da Empresa e Xeografía
- Economía da Empresa e Historia da Arte

O alumnado deberá escoller unha materia entre as seguintes segundo as modalidades:

Modalidade Ciencias (sen repetir as materias de modalidade):

- Física
- Química
- Xeoloxía
- CTMA
- Tecn. Indus. II

-Historia da Filosofía.

-Economía da Empresa

Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais:

-Historia da Filosofía.

As dúas modalidades, a maiores, escolleran unha materia das seguintes:

TIC II

2ª Lingua Estranxeira

Historia da Música

Psicoloxía

Métodos Estatísticos e Numéricos (o alumnado que escolla esta materia ten que completar con Relixión), materia de libre configuración autonómica.

Electrotecnia (so alumnos de ciencias)

E outra entre:

Relixión ou Laboratorio Inglés

#### IV.2- DISTRIBUCIÓN HORARIA

##### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

O seguinte cadro reflicte as áreas e materias que se imparten na Educación Secundaria Obrigatoria, con inclusión do número de horas semanais:

ESO(1)	1º LOMLOE	2º LOMCE	3º LOMLOE	4º LOMCE
	4-Lingua Galega e Lit. 3-Lingua Castelá e Lit. 3-1ª Ling. Estranxeira 3-Bioloxía e Xeoloxía 5-Matemáticas 3-Xeografía e Historia	3-Lingua galega e lit. 3-Lingua castelá e lit. 3-1ª Lingua estranxe. 3-Física e química 5-Matemáticas 3-Xeografía e historia	3-Lingua Galega e Lit. 3-Ling. Castelá e Lit. 3-1ª Ling. Estranxeira 2-Bioloxía e Xeoloxía 2-Física e Química 3-Xeografía e Historia 4-Matemáticas	3-Lingua galega e lit. 3-Lingua castelá e lit. 3-1ª Lingua estranxe. 3-Xeografía e historia
			Opción Académicas (4º ESO) ->	Vía A: 4-Mate. académicas 3-Bioloxía e xeoloxía 3-Física e química
			Opción Aplicadas -> (4º ESO)	Vía B: 4-Mate. académicas 3-Economía 3-Latín
				Vía C: 4-Mate. Aplicadas 3-Inicia.Acti.Empren. 3-Ciencias aplicadas 3-Tecnoloxía
	<i>2-*Educación Física + 1-*Relixión ou *Proxecto Competencial (en 1º e 3º) / *Valores Éticos (en 2º e 4º)</i>			
Troncais xerais <b>Troncais de opción</b> <i>Específicas</i> <u>Libre confi.autonó.</u> <u>Libre confi.centro</u> <u>Outras</u>  •*Materias en Inglés (excepto Relixión en 4º ESO) •**Cultura Clásica: só en 3º ou en 4º	2-2ª Ling. Estranxeira 2-Educ. Plástica e Vis. 3-*Tecnol. e Dixit.	2-2ª Lingua estranxe. 2-Música 3-*Tecnoloxía	1-*Ed.Valores Cív. e Ét. 2-*Ed. Plástica e Visual 2-Música  Elixir unha (3h): •2ª Ling. Estranxeira •Cultura Clásica •Educación Dixital •Oratoria	Vía A(elixir 1): 3-Tecnoloxía 3-Economía Vía B(elixir 1): 3-CultuClásica** 3-Filosofía Para todas as vías elixir 1: 3-2ª Lingua estran. 3-Educación Plástica e Visual 3-Música 3-Cultura científica 3-TICs
	1-Titoría	1-Edu.Financi./Investig. e tratamento da Inform. + 1-Titoría	1-Titoría	1-Titoría

## MATRÍCULA DE HONRA EN 4º ESO

### 1) NA ESO:

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Ordenarase o alumnado que cumpra as condicións por mellor nota media en 4º de ESO.

Para desempatar:

1º criterio: mellor nota media na etapa.

2º criterio: maior número de 10 (de 9 se continua o empate; ou de 8 se aínda continua o empate) nas avaliacións finais da etapa.

3º criterio: sorteo



## 2) NO BACHARELATO:

Artigo 18 da Orde do 25 de xaneiro de 2022. Matrícula de honra

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. Ordenarase o alumnado que cumpra as condicións por nota media de 2º de Bacharelato.

Para desempatar:

1º criterio: mellor nota media na etapa.

2º criterio: maior número de 10 (de 9 se continua o empate; ou de 8 se aínda continua o empate) na avaliación final de 2º de bacharelato.

3º criterio: por sorteo

## PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

A implantación de 4º de ESO será para o curso 2023-24

3º ESO	4º ESO
12 h <b>Ámbito lingüístico e social.</b> Abrangue: Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura 1ª Lingua Estranxeira (independente?) Xeografía e Historia	12 h <b>Ámbito lingüístico e social.</b> Abrangue: Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura 1ª Lingua Estranxeira (independente?) Xeografía e Historia
8 h <b>Ámbito científico e matemático.</b> Abrangue: Matemáticas Física e Química Bioloxía e Xeoloxía	10 h <b>Ámbito científico e matemático</b> Abrangue: Matemáticas Bioloxía e Xeoloxía Física e Química
<u>Materias a cursar co grupo de referencia:</u> 3 h <b>OPTATIVA</b> (2ª LE, CuCa, Ed. Dixi, Oratoria) 2 h Educación Física 2 h Educación Plástica e Visual 2 h Música 1 h Educación Valores Cívicos e Éticos 1 h Relixión / Proxecto Competencial	<u>Materias a cursar co grupo de referencia:</u> 3 h <b>1 MATERIA OPCIÓN</b> (non BX, nin FQ) 3 h <b>OPTATIVA</b> (CuCa, Filosofía, Oratoria, materia de opción non cursada) 2 h Educación Física 1 h Relixión / Proxecto Competencial
1 h Titoría	1 h Titoría

O título obtido ao superar a ESO é o de Graduado en Educación Secundaria e faculta para o acceso á Formación profesional de grao medio ou ó Bacharelato.

## BACHARELATO

### 1.º CURSO

A distribución horaria de 1º de bacharelato quedaría da seguinte maneira:

1º BAC LOMLOE			
<b>Comúns:</b> Lingua Galega e Lit. I (3h), Lingua Castelá e Lit. I (3h), 1ª Lingua Estranxeira (3h), Filosofía (3h), Educación Física (3 h), 1-Relixión/Lab.Inglés(1 h)			
	1 materia (4h)	2 materias (4+4h)	1 materia (4 h)(sen repetir co bloque anterior)
Modalidade Ciencia e Tecnoloxía	•4-Matemáticas I	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Bioloxía</li> <li>•Física e Química</li> <li>•Debuxo Técnico I</li> <li>•Física e Química</li> <li>•Física e Química</li> <li>•Tecno. e Enxeñería I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•2ª Ling. Estra. Fran II</li> <li>•Anatomía Aplicada</li> <li>•Antropoloxía</li> <li>•Cultura Científica</li> <li>•Debuxo Artístico I</li> <li>•Economía</li> <li>•Ling. e Práctica Musical</li> <li>•Lta.Gal.S.XX e da Actu.</li> <li>•TIC I</li> </ul>
Modalidade de Humanidades e CCSS	Humanidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Grego I</li> <li>•Hta. do Mundo Contemp.</li> <li>•Grego I</li> <li>•Lta. Universal</li> <li>•Hta. do Mundo Contemp.</li> <li>•Lta. Universal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Ling. e Práctica Musical</li> <li>•Lta.Gal.S.XX e da Actu.</li> <li>•TIC I</li> </ul> <p><u>So en Ciencias:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Bioloxía, Xeoloxía e CM</li> <li>•Debuxo Técnico I</li> <li>•Tecno. e Enxeñería I</li> </ul>
	Ciencias Sociais	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Matemáticas aplicadas ás CCSS I</li> <li>•Economía</li> <li>•Hta. do Mundo Contemp.</li> <li>•Economía</li> <li>•Lta. Universal</li> <li>•Economía</li> <li>•Latín I</li> </ul>	
<u>So en Humanidades e CCSS</u>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>•Hta. do Mundo Conte.</li> <li>•Lta. Universal</li> </ul>			

### 2º CURSO (LOMCE)

<b>Comúns:</b> Lingua Galega e Literatura II (3 h), Lingua Castelá e Literatura II (3 h), Primeira Lingua Estranxeira II (3 h), Historia de España (3 h)					
	1 materia, 4 h	2 materia 4 h cada unha	1 materia, 4 h (sen repetir)	1 materia, 3 h	1 materia, 1 h
MODALIDADE DE CIENCIAS	Matemá. II	<b>Bioloxía</b> <b>Química</b>	<b>Física</b> <b>Química</b> <b>Xeoloxía</b> CTMA Tecn. Indus. II <b>Hta. da Filoso.</b> <b>Eco.da Empresa</b>	TIC II 2ªLing.Est.II Fra Hta. da Música Psicoloxía	Relixión
		<b>Física</b> <b>Debuxo Técnico II</b>			
MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	Itinerario de Humanidades	Latín II	<b>Hta. da Filoso.</b>	* <u>Métodos E.N.</u>  * <u>Electrotecnia</u> (so alumnos de ciencias)	<u>**Lab.Inglés</u>
	Itinerario de CS	Mat.Ap.CCSS II			
		<b>Grego II</b> <b>Hta. da Arte</b> <b>Hta. da Arte</b> <b>Xeografía</b>			
		<b>Eco. da Empresa</b> <b>Xeografía</b> <b>Eco. da Empresa</b> <b>Hta. da Arte</b>			

Troncais xerais, **Troncais de opción**, *Troncais de opción que contan como específicas*, *Específicas*, Libre configuración autonómica, Libre configuración do centro.

O título obtido ao superar o BACHARELATO faculta para o acceso á Formación profesional de grao superior ou á Universidade.

#### IV.4- MATRÍCULA DE HONRA EN 2º DE BACHARELATO

##### Artigo 18 da Orde do 25 de xaneiro de 2022. Matrícula de honra

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha **nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos** poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, **como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 %** do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Ordenarase o alumnado que cumpra as condicións por nota media de 2º de Bacharelato.


Para desempatar:

- 1º criterio: mellor nota media na etapa.
- 2º criterio: maior número de 10 (de 9 se continua o empate; ou de 8 se aínda continua o empate) na avaliación final de 2º de bacharelato.
- 3º criterio: por sorteo


#### IV.5- ESTRUCTURA

A promulgación da LOMCE (Lei Orgánica de Educación), comezou a súa implantación o curso 2015-16.

A estrutura do novo sistema está esquematizada no cadro seguinte:



A promulgación da LOMLOE (Lei Orgánica de Educación), comezou a súa implantación o curso 2020-21. No 2022-23 afecta aos cursos impares.



#### IV. 6- ACTIVIDADES.

Tendo en conta o destacado papel que concedemos a todas as actividades culturais, deportivas, lúdicas... na formación do noso alumnado, promoveranse todas as propostas dos Departamentos Didácticos e do Equipo Directivo do Centro, coordinadas pola Vicedirección.

#### IV. 7- SERVICIOS.

O Centro non conta con comedor nin con transporte escolar.

## **V.- ADECUACIÓN AO CONTEXTO DO INSTITUTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.**

O Instituto está situado nunha zona céntrica. O ambiente familiar inflúe na excelente motivación coa que, en xeral, accede ao noso centro o alumnado; doutra banda, pero relacionado co anterior, este instituto ten unha rica tradición de premios (de bacharelato, nas Olimpíadas de Física, Química, Matemáticas, etc.), factores ambos que nos impelen a trazar con esmero e esforzo uns elevados obxectivos de etapa, como se pode comprobar no PEC, sen perder nunca de vista a atención á diversidade.

A capacidade de traballo e o rendemento do noso alumnado tratarase de que estea encamiñada a que logren un nivel educativo óptimo, poñendo en marcha para aqueles/as que non os alcancen, as diversificacións curriculares oportunas. O nivel de preparación e de esixencia debe ir en consonancia co da sociedade, para conseguir uns rendementos adecuados e facultar os futuros camiños académicos cunha base sólida tanto humana como académica.

## **VI.- FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

### **VI. 1. CENTROS ADSCRITOS.**

Os nosos Centros adscritos son o CEIP Eusebio da Guarda e o CEIP Labaca cos que se manteñen unhas excelentes relacións, procurando traballar conxuntamente sobre todo no que se refire á recepción do seu alumnado provenientes de 6.º de Primaria.

### **VI. 2. OUTROS CENTROS.**

Os centros CPR. Esclavas Sgdo. Corazón de Xesús, CPR. Compañía de María, IES Rafael Puga Ramón... manteñen relacións co noso instituto por diferentes motivos (exencións, matrícula selectividade, consultas, escolarización...) sempre dentro dunha clara cordialidade.

### **VI. 3. DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS**

O IES P. Eusebio da Guarda mantén as mellores relacións con tódolos Departamentos Universitarios, especialmente cos da Comunidade Galega, cos que colabora. É de agradecer especialmente a colaboración da Facultade de Economía da UDC que cede as súas instalacións para a despedida de 2º de bacharelato.

O Stembach coordinase coa UDC e a USC.

#### VI. 4. EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS PARA A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO DOS S DOS CICLOS FORMATIVOS.

As empresas ou institucións para a formación en centros de traballo do alumnado dos ciclos formativos son as que aparecen na Programación Xeral Anual (Programación FCT).

#### VI. 5. COMUNIDADE EDUCATIVA.

Entre os distintos sectores da Comunidade Educativa existen unhas relacións moi fluídas. A parte dos órganos que corresponden, o alumnado por medio dos delegados e subdelegados ou calquera outra comisión para organizar actos, están en permanente contacto co equipo directivo e cos titores respectivos.

O profesorado, nas diferentes xuntanzas (Comisión Pedagóxica, Claustro, reunións de Departamento, xuntas de avaliación, etc.) levan as súas inquedanzas a favor da mellora do ensino.

A ANPA ten permanentemente informados ao alumnado e ao profesorado - cando lles afecta-, ao equipo directivo e ao resto do persoal, da organización das súas actividades. De forma habitual atende persoalmente os luns pola tarde.

O diálogo co persoal non docente é continuo e por medio do seu representante no Consello Escolar preséntanse temas do seu ámbito para a súa valoración e discusión. Considerase inestimable a súa colaboración.

O Consello Escolar serve como base aglutinadora e informativa sobre calquera tipo de aspectos importantes que afecten á marcha do Centro e o Equipo Directivo facilita as relacións entre os diferentes membros para conseguir canalizar os problemas ou inquedanzas existentes.

Dentro da maior fluidez posible, é necesario que exista o diálogo e colaboración entre todos, por medio de entrevistas, escritos, reunións, etc. Por tal razón os locais do Centro están a disposición dos citados membros, para levaren a cabo as actuacións tendentes a unha mellora dos fins educativos.

#### VII.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.

Cando outras institucións cursan solicitudes para utilizar as dependencias do noso Instituto, por regra xeral, cédenselles aquelas sempre que o coidado sexa exquisito e que as necesidades do Centro o permitan.

O Concello, a Deputación, a Xunta, organizacións privadas sen ánimo de lucro, e outros organismos intercambian vía telefónica, correo ou visita persoal diferentes propostas xeralmente de tipo cultural en que poden participar o noso alumnado.

Para nós A Coruña forma parte do “espazo educativo” no que se debe integrar o noso alumnado. De aí que mostremos un alto grao de participación

na actividades que se promoven na nosa cidade dende calquera institución da mesma.

O Consello Escolar, dentro das súas competencias, será, en última instancia, o que regule/aprobe as saídas do alumnado a actos programados fóra do Centro en horario escolar trala proposta dos Departamentos Didácticos e o Equipo Directivo do Centro, coordinados pola Vicedirección.

## **XII.- PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO E DOS DOCUMENTOS QUE DEL DEPENDEN.**

As propostas de modificación do Proxecto Educativo, e dos documentos que del dependen, serán presentadas polos distintos sectores da comunidade educativa (profesorado e equipo directivo, alumnado, persoal de administración e servizos e nais e pais), dentro dos seus ámbitos de competencia, para debate e aprobación nos seus órganos.

Corresponde á Directora/Director do centro a aprobación final das modificacións propostas unha vez oídos o Claustro e o Consello Escolar. As modificacións serán publicadas na web do centro